

Colegio San Fernando

Bajada Salgueira, 39–40. 36204 _ Vigo

986 410 361

cpr.sanfernando@edu.xunta.gal

<https://colegiosanfernandovigo.com>



PLAN DE ORIENTACIÓN

2025_2026

ÍNDICE

1.- XUSTIFICACIÓN	3
2.- OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN	3
3.- CONTIDOS	4
3.1.- ASESORAMENTO AO PROFESORADO E AO EQUIPO DIRECTIVO	4
3.1.1.- Proceso de Ensinanza- Aprendizaxe.	4
3.1.2.- Convivencia.	4
3.1.3.- Organización.	4
3.1.4.- Avaliación.	4
3.2.- TITORÍA	5
3.2.1.- Cos alumnos.	5
3.2.2.- Coas familias.	5
3.2.3.- Coordinación do equipo docente e claustro.	5
3.3.- APOIO AO PROCESO DE ENSINANZA / APRENDIZAXE	5
3.4.- COORDINACIÓN CÓ RESTO DAS ESTRUTURAS DE ORIENTACIÓN	6
4.- METODOLOXÍA	6
5. AVALIACIÓN	6
6. PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	7
1.- Principios xerais	7
2.- Obxectivos	8
3.- Medidas de atención á diversidade	8
3.1.- Avaliación inicial	8
3.2.- Avaliación psicopedagógica de alumnos/as	9
3.3.- Actuacións de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe	12
3.3.1.- Reforzos na Etapa de Primaria	12
3.3.2.- Actividades de reforzo na E.S.O	14
3.3.3.- As adaptacións curriculares	15
7. DOCUMENTOS	18
7.1. Demanda de intervención ao Departamento de Orientación	18
REFORZO EDUCATIVO	18
Informe de seguimento do reforzo educativo	19
PAUTAS PARA TRABALLAR NA AULA CON ALUMNOS/AS CON NECESIDADES	20

1.- XUSTIFICACIÓN

O Plan de Orientación preséntase como unha guía de traballo, aberto e flexible desde a formulación de que a Orientación Educativa:

- É un proceso continuo, sistemático e articulado onde o alumno é o axente activo do seu propio progreso.
- Forma parte da función docente e integra todas as accións realizadas desde a tutoría e o asesoramento especializado.
- Garante o desenvolvemento de medidas preventivas, habilitadoras e compensadoras dirixidas ao alumnado e ao seu contexto.
- Concrétase en plans de actuación no centro.

2.- OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN

O Plan de Orientación pretende:

- Garantir que a Orientación forme parte esencial do actividade educativa.
- Garantir a educación integral do alumno mediante a personalización do proceso educativo.
- Promover a adaptación dos procesos de Ensinanza-Aprendizaxe e a transición entre niveis educativos.
- Identificar as necesidades do alumnado a través da avaliación psicopedagóxica.
- Establecer unha vía de asesoramento especializado e permanente ao alumnado, ao profesorado e ás familias.
- Apoiar á función tutorial, ao desenvolvemento dos obxectivos propostos nos procesos de Ensinanza-Aprendizaxe e a orientación académica e profesional.
- Prestar asesoramento psicopedagóxico ao profesorado e aos órganos de goberno, participación e coordinación docente.
- Desenvolver de maneira directa, polo profesorado especialista (PT e AL), o proceso de ensino do alumno con NEE seguindo os aspectos sinalados nos ACI ou tomando as medidas precisas.

3.- CONTIDOS

Para levar a cabo os obxectivos propostos, expónse unha serie de contidos agrupados en bloques de programas:

3.1.- ASESORAMENTO AO PROFESORADO E AO EQUIPO DIRECTIVO

3.1.1.- Proceso de Ensinanza- Aprendizaxe.

- Asesoramento en reunións de ciclos, interciclos e entre etapas.
- Asesoramento ao profesorado no proceso de ensino.
- Atención á diversidade de ritmos e estilos de aprendizaxe dos alumnos.

3.1.2.- Convivencia.

- Asesoramento a titores para mellorar a convivencia na aula mediante técnicas e metodoloxías concretas.
- Posta en marcha do Programa de Alumnos Mediadores (organización do curso de formación, seguimento e avaliación do programa...).
- Sensibilizar e previr ante o fenómeno do Acoso Escolar mediante as pautas do Plan de Convivencia do centro, así como a través da mediación.

3.1.3.- Organización.

- Asesoramento psicopedagógico ao profesorado e aos órganos de goberno, participación e coordinación docente.
- Coordinación na elaboración dos horarios de apoio e reforzo, así como nas programacións a levar a cabo cos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
- Asesoramento e axuda aos titores no Plan de Acción Titorial e na súa programación e temporalización, así como a coordinación das reunións precisas.
- Asesoramento, seguimento e avaliación do Programa de Alumnos Mediadores.
- Asesorar ao Equipo Directivo na escolarización de alumnos de novo ingreso e/ou con necesidades educativas específicas.

3.1.4. Avaliación.

- Asesoramento nos procesos de avaliación de centro e dos alumnos.
- Asesoramento na elaboración coordinada de informes de avaliación de alumnos de apoio e reforzo.

- Asesoramento e participación na avaliación do Plan de Acción Tutorial.

3.2.- TITORÍA

No actual modelo educativo a orientación e a tutoría forman parte do currículo. Durante este curso prevese seguir traballando no Plan de Acción Tutorial do centro.

3.2.1.- Cos alumnos.

- Mediante as programacións xa descritas no Plan de Acción Tutorial.
- Mediante o Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP).
- Mediante o Programa de Alumnos Mediadores.
- Mediante o asesoramento directo ante algún problema.

3.2.2.- Coas familias.

- Colaboración no intercambio permanente de información entre o titor e familia.
- Asesoramento ás familias das características psicoevolutivas do alumno, pautas de comportamento, actitudes, posibilidades ao rematar a último curso da ESO...

3.2.3.- Coordinación do equipo docente e claustro.

- Asesoramento nas reunións de ciclo e interciclos.
- Asesoramento ao titor en tarefas propias da súa competencia:
 - Asesoramento ao equipo docente nas distintas medidas de atención á diversidade que se establezan no centro e con cada alumno.
 - Facilitar recursos e materiais.
 - Asesoramento ao alumnado, titores, familias.
 - Asesorar nos proxectos do centro.

3.3.- APOIO AO PROCESO DE ENSEÑANZA / APRENDIZAXE

Seguir dando a coñecer aos profesores o Plan de Apoio ao proceso de Ensinanza-Aprendizaxe do centro, sobre todo a aqueles que son de nova incorporación. Este plan inclúe tamén a previsión de avaliacións psicopedagógicas aínda que é difícil prever as que realizarán ao longo do curso e ademáis:

- Coordinación cos titores.
- Identificación de necesidades educativas dos alumnos.
- Revisión dos informes de valoración psicopedagógica. A temporalización sería:

Colegio San Fernando

- Setembro: actualización da base de datos de ANEEs e colaborar coa Xefatura de Estudos na correcta definición do alumnado con necesidades de apoio e/ou reforzo.
- 1º trimestre: revisión de informes de valoración psicopedagóxica, seguimento de casos, recollida e estudo de demandas, realización de avaliacións psicopedagóxicas. Téñense cuantificadas.
- 2º trimestre: seguimento das medidas de axuda e continuación de estudo de novas demandas e avaliacións que fosen necesarias.
- 3º trimestre: seguimentos, en especial de alumnos que terminan ciclo e elaboración de ditames.

3.4.- COORDINACIÓN CO RESTO DAS ESTRUTURAS DE ORIENTACIÓN

- Coordinación cos orientadores dos centros de primaria e secundaria da zona.
- Colaboración cos outros servizos.
- Colaboración cos Servizos Sociais da zona, Unidade Infanto-Xuvenil, Cruz Vermella,..

4.- METODOLOXÍA

Para a actuación dos membros do EOA establecéronse como unha estrutura de ciclo, baixo a supervisión da Xefatura de Estudos e coordinados polo Orientador/a do centro. Os procedementos e estratexias seguidos refírense a:

- Reunións periódicas entre os seus membros e cos titores e familias dos ANEE.
- Elaboración dunha memoria final.
- Coordinación coa Xefatura de Estudos e/ou Equipo Directivo.

5. AVALIACIÓN

A avaliación do Plan será continua e sistemática.

Avaliarase a adecuación de:

- Os obxectivos, contidos, metodoloxía, ...
- A implicación e participación dos integrantes do EOA, Equipo Directivo e do resto do profesorado.

Colegio San Fernando

- A organización e desenvolvemento de proceso de identificación, seguimento e avaliación do alumnado.
- As medidas ordinarias e extraordinarias levadas a cabo.
- Implicación e colaboración das familias.
- Valoración dos programas levados a cabo durante o curso escolar.

6. PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

ÍNDICE	Páxina
1.- Principios xerais	7
2.- Obxectivos	2
3.- Medidas de atención á diversidade	8
3.1.- Avaliación inicial	8
3.2.- Avaliación psicopedagóxica	8
3.3.- Actuacións de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe	10
3.3.1.- Actividades de reforzo na etapa da Primaria	11
3.3.2.- Actividades de reforzo na etapa da E.S.O	12
3.3.3.- As adaptacións curriculares	12
DOCUMENTOS	15
Demanda de intervención ao Departamento de Orientación	
Informe de seguimento do Reforzo Educativo	
Informe de seguimento trimestral do Reforzo Educativo	
Pautas para o profesorado para traballar na aula con alumnos con necesidades	

1.- Principios xerais

Entendemos como "apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe" todas aquelas actuacións encamiñadas a optimizar a resposta educativa por parte do centro á natural diversidade que aparece en todo grupo de alumnos. Neste sentido podemos destacar en canto á diversidade respecto dos alumnos do noso centro, as seguintes características:

- Alumnos de ensino ordinario.
- Alumnos con necesidades educativas especiais.
- Alumnos que seguen un programa de diversificación.
- Alumnos cos que se segue un programa específico de educación compensatoria.

Colegio San Fernando

- Alumnos que cursando o ensino ordinario, presentan determinadas dificultades que impiden que sigan a clase co ritmo normal do resto de compañeiros.

2.- Obxectivos

- Colaborar co profesorado na prevención, detección e valoración dos problemas de aprendizaxe e na elaboración de propostas relativas ao conxunto de medidas de atención á diversidade.

- Determinar as actuacións específicas de apoio ao proceso de ensino/aprendizaxe, as medidas de flexibilización organizativa, programación, seguimento e avaliación.

- Coordinar a adopción de criterios comúns sobre os distintos elementos dos Proxectos Curriculares de Etapa nos seus aspectos psicopedagógicos.

3.- Medidas de atención á diversidade

Para a consecución do primeiro obxectivo do presente Plan, có fin de concretar o conxunto de medidas de atención á diversidade, relaciónanse a continuación os criterios e actuacións previstas.

3.1.- *Avaliación inicial*

Preténdese aplicar un procedemento que sirva para tomar decisións en relación á prevención, detección e valoración dos problemas de aprendizaxe.

Para iso, unha primeira estratexia é a da avaliación inicial dos alumnos novos no centro.

- Un coñecemento do contexto do grupo.
- Unha análise dos niveis iniciais de competencia curricular do alumnado (que se expresa nos ámbitos de avaliación. Nel débense considerar tanto as capacidades que están previstas alcanzar no nivel ou etapa, como a relación destas coas áreas, especialmente, de linguaxe e matemáticas. Tratarase de valorar as incidencias das condicións persoais do alumnado (déficits froito do seu historial persoal e de aprendizaxe) cos procesos actuais de aprendizaxe.

- Unha comprobación dos niveis de competencia curricular do alumnado de necesidades educativas especiais con arranxo ao informe psicopedagógico que achega o seu historial educativo.

Colegio San Fernando

- A toma de decisións sobre reagrupamiento, asignación de áreas optativas para o alumnado do primeiro ciclo da ESO, e adaptación individualizada do currículo e a súa distribución horaria no seu caso.

Cabe esperar que aparezan múltiples situacións respecto ao grao de dificultades de aprendizaxe que poidan manifestar os alumnos/as. As máis relevantes haberán de ser expostas na Xunta de Profesores, cuxas pautas, a fin de facela áxil e operativa, están recollidas no documento.

- Sesión de avaliación inicial dos materiais comúns da acción tutorial.

3.2.- Avaliación psicopedagóxica de alumnos/as

Considerada no marco da avaliación inicial, o seu carácter restrinxido e específico, require unha consideración aparte na planificación das medidas de atención á diversidade.

A súa utilización ten carácter prescriptivo para:

- Determinar se un alumno/a ten necesidades educativas especiais.
- A toma de decisións relativas á súa escolarización.
- A proposta extraordinaria de flexibilización do período de escolarización.
- A elaboración de adaptacións curriculares significativas.
- A proposta de diversificación curricular.
- A determinación de recursos e apoios específicos complementarios que

o alumno/a poida necesitar.

- A orientación escolar e profesional unha vez terminada a escolarización obrigatoria do alumno/a con necesidades educativas especiais.

A avaliación psicopedagóxica entenderase como proceso de recollida, análise e valoración da información relevante sobre os distintos elementos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe, co fin de:

- Identificar as necesidades educativas de determinados alumnos/as que presentan, con arranxo a unha primeira avaliación inicial, ou poidan presentar desaxustes no seu desenvolvemento persoal e/ou académico.

- Fundamentar e concretar as decisións respecto da proposta curricular e ao tipo de axudas que aqueles poidan precisar para progresar no desenvolvemento das distintas capacidades.

- Orientar o proceso educativo destes alumnos/as, no seu conxunto, facilitando a tarefa do profesorado de área e de apoio que traballa cotidianamente con eles/as.

Colegio San Fernando

Debe terse en conta que a avaliación psicopedagógica será complementaria ás diferentes ferramentas de avaliación inicial referidas no apartado anterior. Diferénciase daquelas en que:

- Levará a cabo só con determinados alumnos/as que, por distintas causas, (discapacidade, sobredotación, historia familiar, educativa,...) presentan dificultades significativas para seguir o ritmo xeral de aprendizaxe.

- Trátase dun proceso que levará a cabo en determinados momentos, especialmente, naqueles que esixan a toma de decisións sobre:

- 1.- A escolarización inicial no Centro, se se dese o caso.

- 2.- A adopción de apoios especializados do centro ou externos a el.

- 3.- Na E.S.O. a adscrición a programas de diversificación curricular ou de Formación Profesional Básica, de cara ao próximo curso. Para este primeiro caso, os procedementos e ferramentas xa aplicados durante o curso anterior facilitarán a detección, avaliación e selección de alumnado, así como a correspondente toma de decisións sobre a súa adscrición ao Programa de Diversificación Curricular ou de Garantía Social de cara ao curso próximo.

A Avaliación Psicopedagógica, coordinada polo Departamento de Orientación, constará de:

1º.- Unha recompilación de información relevante para a toma de decisións por parte da Xunta de Profesores, sobre:

- 1.- O alumno/a:

- 1.1 Datos identificativos:

- 1.1.1 Persoais e familiares

- 1.1.2 Historial escolar do alumno/a con as medidas adoptadas previamente.

- 1.1.3 Características persoais que puidesen influír na súa capacidade de aprendizaxe.

- 1.2 Datos de desenvolvemento:

- 1.2.1 Biolóxicos: Datos médicos, neurolóxicos, saúde, capacidades sensoriais.

- 1.2.2 Intelectuais: Badig.

- 1.2.3 Motóricas: Se é o caso, posibilidades de desprazamento, control postural, capacidade manipulativa e mobilidade.

- 1.2.4 Lingüísticas e sensoriais: Se é o caso, competencias fonolóxicas e/ou noutros sistemas comunicativos.

- 1.2.5 De inserción escolar: Adaptacións e bloqueos.

Colegio San Fernando

1.2.6 Emocionais: Autoconcepto.

A devandita información será solicitada, a través de diferentes procedementos dispoñibles no Departamento de Orientación (informes previos e/ou clínicos, exploracións e entrevistas), polo Orientador.

1.3 Nivel de competencia curricular alcanzado ata o momento nas áreas troncales que curse o alumno/a.

A devandita información será achegada polo profesorado de área a través dos modelos de informe establecidos e facilitados ao Orientador.

1.4. Información sobre o estilo individual de aprendizaxe, motivación para aprender, e metodoloxía de ensino, recollida a través de diferentes probas.

2.- Características do contexto escolar, sociofamiliar e da contorna que puidesen estar incidindo no proceso de ensino e aprendizaxe:

2.1. Respecto ao alumno:

2.1.1. Autonomía, hábitos, actitude e relacións, afeccións e preferencias.

2.1.2. Contexto escolar

2.1.3. Relación social

2.1.4. Relación familiar

2.1.5. Características persoais no aula

A devandita información será recollida, a través do titor/a do grupo no que se integra o alumno/a e facilitada ao Orientador.

2.2. Respecto da familia: hábitos, rutinas, pautas de comportamento, actitudes e expectativas sobre o fillo/a, coñecemento do déficit, colaboración.

2.3 Sobre o contorno: recursos físicos da vivenda, condicións do barrio, recursos sociais e asistenciais.

A devandita información será solicitada, a través de diferentes procedementos dispoñibles no Departamento de Orientación (Informes preliminares e/ou sociais, exploracións e entrevistas), polo Orientador.

2º.- Un informe psicopedagógico do alumno/a, atendendo ás seguintes pautas:

1.- Ficha de datos identificativos do alumno/a

2.- Xustificación do informe

3.- Datos de desenvolvemento

4.- Informes sobre o nivel de competencia curricular

5.- Descrición dos estilos de aprendizaxe

6.- Datos relativos ao contexto sociofamiliar

7.- Identificación das necesidades educativas e conclusións

O devandito informe terá carácter confidencial e reservado aos profesionais que deban coñecer o seu contido. Serán responsables do seu garda e custodia as unidades administrativas nas que se deposite o expediente.

3.3.- Actuacións de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe

Actividades de reforzo.

Este tipo de medidas non requiren adaptacións curriculares significativas pois atenden dificultades de aprendizaxe en calquera área, non asociadas a discapacidade, nin tampouco criterios de avaliación diferentes aos do resto do grupo, simplemente son medidas a tomar cando se detectan dificultades á hora de alcanzar algún aprendizaxe propio da etapa ou do curso en cuestión.

3.3.1.- Reforzos na Etapa de Primaria

3.3.1.1. Reforzo no aula:

Realízao o profesor/a de área, en horario habitual, modificando as súas estratexias didácticas para adecuar a súa resposta ás características concretas de cada alumno. Deberase poner en coñecemento do tutor a necesidade de dito reforzo. O Departamento de Orientación entrega ao principio de curso un documento ao profesorado no que se recordan as pautas para traballar na aula con alumnos con necesidades para facilitar a súa labor (ver anexo, páx: 21).

3.3.1.2. Reforzo fóra do aula ordinaria:

ando se detecta una necesidade educativa que non foi posible arranxar cun reforzo dentro da aula, o profesor da materia coordinado co tutor solicita ao Departamento de Orientación una demanda de intervención onde virán reflexados os datos identificativos do alumno así como os problemas comportamentais e de aprendizaxe detectados.

Colegio San Fernando

Realizaráse un plan individual para traballar as dificultades de cada alumno as cales levaráanse a cabo en horario de reforzo, de xeito colectivo, pero dispensando horario non da área obxecto de reforzo, se non detrayendo horario dalgunha área que posibilite a organización e realización do reforzo, tal pode ser o caso da hora semanal de actividades de estudo. Impárteo o P.T do centro adicado a este tipo de apoios. Para tal labor conta coa coordinación do profesor/a de área que é quen organizará e marcará as pautas do traballo a realizar en devanditas sesións, e co obxectivo de completar, repasar, e/ou reforzar os contidos que se seguen nas clases habituais, así como de traballar técnicas ou contidos que estén fóra do curriculum ou do nivel que axuden a mellorar aqueles contidos marcados, así como co apoio do Departamento de Orientación.

Os contidos, actividades, avaliación e materiais didácticos de devanditos reforzos constarán no apartado de atención á diversidade de cada programación de área, serán programados polo correspondente departamento didáctico a través do P.T, ou no caso correspondente coa A.L. e coa colaboración do Departamento de Orientación. Serán coordinados pola Xefatura de Estudos, en canto a combinar os horarios e a avaliación xeral dos programas de reforzo, e en canto á decisión de incorporar alumnos a devanditas medidas ou retirar algunha. O titor/a de grupo recollerá dos profesores da área e do profesor/a que imparta o reforzo, a información correspondente para o seu posterior seguimento, información aos pais e orientación ao alumno.

O P.T. ou profesores que impartan reforzo educativo cumprimentarán un informe de seguimento de cada sesión (folla de seguimento, ver anexo páx: 19) onde se reflexan os aspectos traballados e as obsevacións necesarias, así como trimestralmente un único informe individualizado que asegure a coordinación e dea conta do traballo realizado. Este documento consignarase no expediente académico do alumno.

Os alumnos/as do centro que precisan dunha educación especial, terán reforzo educativo dentro ou fóra da aula, así como a adaptación non significativa ou significativa precisa, as horas que o Departamento de Orientación e a titora crean conveniente e serán levadas a cabo polo P.T ou a persoa encargada da área de audición e linguaxe (A.L.), se fóse preciso.

3.3.2.- Actividades de reforzo na E.S.O

- Poderían adoptar calquera das modalidades seguintes:

Colegio San Fernando

No primeiro e segundo curso da E.S.O realizaránse desdobres nas materias de matemáticas e lingua castelá. De xeito colectivo, fóra do aula ordinaria e sen que reste período lectivo algún correspondente a algunha área, senón simultaneamente a aquel. Se traballarán os contidos do curriculum pero baixando a dificultade, así como traballando os obxectivos mínimos de área.

No terceiro curso da E.S.O practicaránse desdobres na materia de lingua castelá, seguindo o mesmo patrón do ciclo anterior.

O profesorado de apoio adscrito ao Departamento de Orientación será quen organice e marque as pautas do traballo a realizar en devanditas sesión. Participará nas sesións de avaliación do alumnado obxecto de atención, así como na comunicación ás familias, asumindo as tarefas da acción tutorial individual dos alumnos asignados, en coordinación co tutor/a de grupo. Igualmente responsabilizarase dos expedientes académicos (boletín informativo, informes de progreso, expediente académico).

- En horario específico de apoio individual, dispensando horario da área obxecto de apoio ou de calquera outra que se estime por razóns organizativas ou de conveniencia pedagóxica, en aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe que requira, puntualmente aplicación de accións e/ou métodos específicos e especializados para a adquisición de determinados aprendizaxes por parte dalgúns alumnos con problemas. (Especialmente cos necesitados de inmersión lingüística). Realízao o profesorado de apoio adscrito ao Departamento de Orientación, segundo dispoñibilidade horaria.

- Dentro do aula ordinaria, durante o horario normal da área obxecto de apoio, de forma individual ou mediante atención simultánea a varios alumnos, baixo a coordinación do profesor/a de área, cando sexa necesaria complementar a súa tarefa en clase, individualizando as explicacións dadas ao grupo-clase, resolvendo dúbidas, avaliando actividades concretas, e incluso realizando adaptacións de obxetivos cando sexa preciso... Realízao o profesorado da área en cuestión coa axuda do Departamento de Orientación.

En todo caso, o seguimento de calquera das modalidades descritas, contará con colaboración do Departamento de Orientación, facilitando exemplificacións concretas de adaptación curricular, o material de programación e organizativo adecuado.

Colegio San Fernando

Sobre ditas medidas o titor/a de apoio informará tanto ao alumnado afectado por elas, como ás súas familias, coa axuda do profesor/a titor/a de o grupo, quen, en última instancia deberán dar conformidade ao proceso a seguir.

3.3.3.- As adaptacións curriculares

O proceso a seguir para a elaboración das adaptacións curriculares consiste en:

1º.- Precisar o referente curricular básico, é dicir, explicitar que capacidades dos obxectivos xerais de área e etapa son os máis básicos, dando especial importancia aos procedimentais ou instrumentais da área.

2º.- Valorar as competencias curriculares do alumnado, é dicir, o que é ou non capaz de facer respecto das anteriores referencias curriculares. (Ata de etapas anteriores como a Educación Primaria), para o que utilizaríamos os Proxectos Curriculares correspondientes, (dispoñibles no Departamento de Orientación).

3º.- Proposta curricular que debe cursar o alumno/a:

- Concretar os obxectivos que se espera que consiga o alumno/á o finalizar a etapa. O que ha de permitir priorizar, destacar, ata substituír uns obxectivos por outros que permitan un axuste máis realista á situación do alumnado.

- Secuenciar os contidos e obxectivos determinando aproximadamente o tempo en que se desexa que os alcance o alumnado.

- Establecer os criterios de avaliación, considerando sempre que sexa posible os establecidos no proxecto curricular da etapa e os criterios de promoción.

- Determinar as actividades de ensino/aprendizaxe que aseguren a consecución dos obxectivos e o acceso aos contidos programados.

- Establecer o tipo de axuda que o profesorado, especialmente o de apoio no seu caso, ofrecerá, e impulsar as formas organizativas e de agrupamiento a adoptar.

O proceso será coordinado polo Xefe de Estudos, en colaboración co Departamento de Orientación, quen convocará as sesións necesarias para o seu seguimento.

A distribución de labores vén determinada pola normativa vixente nos seguintes termos:

Segundo a avaliación en Educación Secundaria, e a posterior normativa que regula a avaliación dos ACNEE, establece os seguintes labores a considerar:

Colegio San Fernando

- O profesor/titor terá a responsabilidade de coordinar tanto a avaliación canto os procesos de ensino/aprendizaxe, así como a de orientación persoal dos alumnos, co apoio, no seu caso, do Departamento de Orientación.
- Xunto a toda a información relativa á avaliación do alumno, haberá de figurar no seu expediente as medidas de adaptación curricular.
- Se algún alumno non consegue os obxectivos da área, o titor/a ha de especificar as medidas de apoio, e no seu caso, de adaptación curricular. Para iso a de contar co informe do profesorado das áreas nas que o alumno non alcance os obxectivos programados, elaborado, no seu caso, en colaboración co Departamento de Orientación. Este informe estará referido ao grao de dominio dos obxectivos programados da área, proposta e funcionamento das medidas de apoio e a adaptación curricular proposta ou adoptada.
- Corresponde ao Departamento de Orientación elaborar a proposta de criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares e incluílas nos proxectos curriculares de etapa.
- Corresponde ao Departamento de Orientación colaborar cos profesores, baixo a dirección do Xefe de Estudos, na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe, e na programación e aplicación de adaptacións curriculares dirixidas aos alumnos que o precisen, entre eles os alumnos con necesidades educativas especiais.
- Corresponde ao profesorado de apoio asesorar e participar na prevención, detección e valoración de problemas de aprendizaxe, nas medidas de flexibilización organizativa, así como na planificación e no desenvolvemento das adaptacións curriculares dirixidas aos alumnos con necesidades educativas especiais.
- Corresponde ao profesorado de apoio elaborar a proposta de criterios e procedementos para as adaptacións curriculares e realizar actividades educativas de apoio para alumnos con necesidades educativas especiais, en situación de desvantaxe social ou ben a aqueles que presenten dificultades de aprendizaxe, ben directamente ou a través do asesoramento e colaboración co profesorado, cando a especificidad dos contidos ou outras circunstancias así o aconsellen.
- Os mestres/as das especialidades de PT e AL atenderán de forma prioritaria aos ACNEE, fundamentalmente nos ámbitos sociolingüísticos e científico-tecnolóxico e colaborarán co titor do grupo de referencia dos alumnos AC-NEE no desenvolvemento das funcións tutoriais destes.

Colegio San Fernando

• O PT e/ou AL xunto co titor e os profesores que imparten docencia ao alumno, realizarán anualmente unha Adaptación Curricular Individualizada (ACI) con seguimento trimestral. Este documento arquivarase no expediente académico do alumno. Ao termo de cada avaliación trimestral achegarase ao boletín de cualificacións unha valoración cualitativa do progreso do alumno con relación aos obxectivos propostos na ACI. En concreto, pódense desglosar os labores e responsabilidades na tarefa a emprender, do modo seguinte:

QUÉ? ACCIÓNS	QUÉN? RESPONSABILIDADES	CÁNDO? TEMPORALIZACIÓN	CON QUÉ? APOIO MATERIAL
1.- Coñecemento dos criterios de adopción de medidas de apoio.	Claustro de Profesores	Setembro	Plan de apoio ao proceso de ensinanza/aprendizaxe
2.- Estudio de informes psicopedagóxicos, e confección de resúmenes individuais.	Orientador	Setembro	Expedientes académicos.
3.- Información previa sobre os alumnos/as ao profesorado.	Titor/a de apoio	Setembro	A través dos resúmenes individuais. Listados.
4.- Avaliación inicial de competencias curriculares.	Profesores de área. Profesores de apoio.	1ª quincena de outubro	Probas de avaliación inicial Observacións, tarefas, actividades...
5.- Xuntas de Profesores de 1º ESO. Adopción de acordos.	Xefatura de Estudos. Profesores de área. Orientador Profesores de apoio.	1ª quincena de outubro	Acta da Xunta de Profesores.
6.- Entrevistas cos pais. Información e aprobación de medidas.	Profesores de apoio.	Última semana de outubro	Citacións Guión de entrevistas pais.
7.- Confección dos Documentos Individuais de Adaptación Curricular. Rexistro e custodia.	Profesores de área. Profesores de apoio.	Primeiro trimestre Revisión trimestral	Modelos dos documentos oficiais
8.- Apoios individuais	Profesores de apoio.	Todo o curso	Rexistro Individual de Seguimento.
9.- Programación de aula para os apoios.	Profesores de apoio.	Todo o curso	
10.- Valoracións cualitativas trimestrais.	Profesores de área. Profesores de apoio.	Sesiones de la 1ª, 2ª e 3ª avaliación	Informe trimestral de valoración cualitativa de ACNEEs.

7. DOCUMENTOS

7.1. Demanda de intervención ao Departamento de Orientación

REFORZO EDUCATIVO

Datos identificativos

Alumno/a	Nivel e grupo
Titor/a	
A familia do alumno/a foi informada desta solicitude con data:	
Datos de interese:	
Observacións:	

Problemas comportamentais

Descrición do problema	Medidas tomadas con anterioridade	Obxectivos de intervención

Problemas de aprendizaxe

Descrición do problema	Medidas tomadas con anterioridade	Obxectivos de intervención

Data:.....

Sinatura do titor:

Informe de seguimento do reforzo educativo

Departamento de Orientación.

DATOS DO/A ALUMNO/A	
Nome e Apelidos	Clase
Titor/a:	Profesor/a do Reforzo Educativo
Áreas/Contidos nos que precisa reforzo	

Colegio San Fernando

DATOS DO/A ALUMNO/A	
Nome e Apellidos	Clase
Orientacións Metodolóxicas	
Datos de interese	

SEGUIMIENTO		
Data	Incidencia	Aspectos traballados e Observacións

Os traballos de reforzo serán gardados polo alumno/a.

En cada trimestre recollerase esta folla cos datos de avaliación sobre o reforzo

ATENCIÓN: O finalizar o curso este informe deberá ser entregado no D.O. *GRAZAS*

INFORME DE SEGUIMIENTO TRIMESTRAL DO REFORZO EDUCATIVO

ALUMNO/A:

(APOIOS FÓRA E DENTRO DA AULA)

1. Actitude no traballo:
2. Traballos realizados:
3. Melloras do alumno:
4. Dificultades da alumna no reforzo educativo:
 - Na aprendizaxe:
 - Na atención, actitude, motivación:
5. Observacións e suxestións:
6. Número de sesión: Fora da aula:
Dentro da aula:

DATA:

PROFESOR ENCARGADO:

Colegio San Fernando

PAUTAS PARA TRABALLAR NA AULA CON ALUMNOS/AS CON NECESIDADES

No noso colexio sempre houbo diversidade de alumnos/as. Cada alumno/a é diferente, ten a súa propia idiosincrasia, a súa propia historia e cada un aporta ao grupo a súa esencia. En cada curso tratamos de dar as materias a todos, pero dentro da homoxeneidade, temos que adecuarnos á heteroxeneidade, intentando, na medida do posible chegar a cada un dos nosos/as alumnos/as, que tan diferentes son entre eles.

Con este documento preténdese recordar as pautas que todos aplicamos xa, que as veces poden custar, pero poden facilitar o traballo na clase, cara ao alumno/a con necesidades, aclase e tamén para o noso benestar.

1. Nenos con pouca atención:

- Nalgúns casos é positivo situalos diante, para que presten atención.
- Sorprendelo, facéndoo participe das tarefas que se realizan na clase, das explicacións, ou preguntándolle. Tampouco é positivo facelo seguido.
- As vces, hai momentos que non importa que esté despistado, posiblemente precise un tempo de distracción para voltar a situarse ou axudar a que se sitúe posteriormente.
- Tentar que recolla as materias anteriores cando se comece una nova.
- Ante una explicación ter o pupitre sen material, ou só o necesario para coller anotacións.

2. Alumnos/as que interrompen ou molestan.

- Depende do neno ou adolescente. Nalgún caso pode resultar positivo sitúalo diante, e noutros é mellor buscar un lugar na clase, onde teña a menor interacción posible.
- Tentar, ignorar conductas que non prexudiquen aos demais, para evitar chamarlle a atención seguido e evitar, en caso dos adolescentes, comezar “unha batalla, un pulso” nos que moitas veces gaña o rapaz ou nos “altera”.
Ex: o alumno/a non traballa, non toma notas e os demais o fan. É mellor deixalo... esperar ó final da clase e falar con él só.
- Para calquer alumno/a, tentar anticiparse as súas reaccións, cando os coñecemos é o mellor, pois evitamos regañarlle, que se descontrola a clase e nos mesmos.

3. Alumnos/as con dificultades nos aprendizaxes.

- Podemos traballar con eles os obxectivos mínimos. Podémolo facer de moitos xeitos. Sempre hai que apostar pola maior integración do alumno/a.
- En cada unidade didáctica tentar establecer contidos mínimos e imprescindibles.
- Reducir tarefas, se os demais teñen máis exercicios, o alumno/a con dificultades mandarlle menos.
- Facilitarlle actividades máis sinxelas, que traballen o mesmo obxectivo.
- Explicacións individualizadas. Realízalas, mentres outros están traballando, ou ao finalizar a clase.
- Facer controis diferentes, adaptados ás actividades propostas. (reducir o número de exercicios, que sexan máis sinxelos, porlle actividades xa realizadas polo neno/a ou adolescente.)

Colegio San Fernando

- Implicalo en determinadas explicacións sinxelas, facendo os exercicios. Tentando que sexa una experiencia positiva para o alumno/a e intentando evitar as posibles risas dos compañeiros/as. Pódese aplicar depende do caso, da clase e do contexto.

4. Alumnos/as desmotivados.

- Neste caso depende de cómo sexan os alumnos/as se molestan ao resto o intentan pasar desapercibidos.
- Moitos nenos desmotivados, en determinadas ocasións, crean un rol, é dicir acostúmanse a que todo lles sae mal, chega un momento que “pasa de todo” e parece que xa non lle importa nada.
- Tentaremos darlle a oportunidade, como xa o facemos.
- Nestes casos, moitas veces convén exisirlle nun principio pouco, aínda que saibamos que pode máis, para motivalo.
- Darlle menos cantidade de tarefas, controis adaptados ás tarefas.
- Implicalo en aspectos da clase. En cada caso de forma diferente, haberá o que lle resulte positivo que teña protagonismo na clase, ao que debemos reducirlle o protagonismo, ou o tímido, que debemos resáltalo na clase sen agobialo.

5. Alumnos/as líderes.

- O máis positivo e gañarse ó líder, xa que deste modo temos controlada a clase.
- O líder, segundo como sexa, podemos axudar en positivo a fomentar moitos valores na aula.
- Se o líder non axuda nos aspectos positivos temos que tratar de controlalo, as veces, depende do alumno/a, deixalo en evidencia (de todos modos é un arma de dobre filo), para que se faga consciente de que non é o que dirixe a clase e os compañeiros se den conta de que non é un modelo a seguir.
- Normalmente non é positivo enfrontarse a él, é mellor evitar os enfrontamentos, na medida do posible, máis vale anticiparse a determinadas reaccións.

Con todos os alumnos/as é imprescindible motivalos, buscar a forma de chamarlles a atención en positivo, non en negativo. En ocasións, polas propias circunstancias hai alumnos/as que sempre lle chamamos a atención por algo que “fixo mal”. Eles seguen ese rol. Son situacións que amiúdo non se poden evitar, pero si podemos tentar valorarlle o positivo, por mínimo que sexa.

Normalmente as ideas hai que aplicalas un tempo, e retiralas no momento que xa non son necesarias ou non funcionan. A aplicación dunha mesma pauta durante moito tempo perde efectividade.

Este documento non pretende ser un recetario, son ideas que cada día inténtanse aplicar na metodoloxía da clase. Pero, por suposto, cada un na súa clase ten que buscar a metodoloxía adecuada en cada momento, o que algunhas veces serve cun alumno/a non serve cos outros/as.

O máis importante é a comunicación entre nós, e tentemos transmitir o que nos funciona cun alumno/a, e deste xeito tentar entre todos mellorar o ambiente da aula.

Tratar diferente non é excluír, sempre hai que apostar pola integración e o benestar de todos/as.

